



XORNADA

Faladoiros dixitais ao redor do Cloud Computing

Carlos López Blanco

Formación: Enxeñeiro superior en Informática. Diploma de estudos avanzados no Departamento de Tecnoloxía da Información e as Comunicacóns

Que fai un experto en Cloud Computing?

No meu caso, que estou do lado dos 'compradores', dotarme dunha visión holística das capacidades presentes e futuras do modelo Cloud para ser capaz de articular as mellores solucións desde o punto de vista da arquitectura de TI para dar cobertura a todos os procesos soportados polos sistemas de información das compañías. En cada nova iniciativa de TI aplicar o criterio de se se podería resolver con modelos baseados en Cloud.

Como chegaches a esa especialización?

Pois a procura constante da optimización dos recursos e servizos de TI da compañía levounos cara ao modelo Cloud. A partir de aí a continua exploración do mercado lévate a utilizar ese tipo de tecnoloxía ou servizo, combinalos e aproveitalos ao máximo... Non é utilizar un paradigma diferente por utilízalo, é aproveitar as bondades do modelo para xerar máis valor nos negocios...

Que oportunidades de futuro representa?

Como calquera tecnoloxía disruptiva todas e ningunha. Se se aproveitan ben todas as súas vantaxes, desde o punto de vista dos negocios debe contribuír ao seu crecemento, e desde o punto de vista dos profesionais debe contribuír a cambiar os skills das persoas de TI.



XORNADA

Faladoiros dixitais ao redor do Cloud Computing

Que recomendacións lle darías a quen queira orientar o seu futuro laboral cara a esta especialización?

Pois que é actualmente o modelo de computación que ofrece máis garantías de futuro, maior facilidade para a interoperabilidade... Polo tanto é unha disciplina na que se van necesitar moitos profesionais, tanto polo lado da infraestrutura como polo lado dos servizos. Os servizos estándar son estándar, polo tanto hai que recorrer a un prestador deles estándar. Para o máis específico dos negocios hai que pensar en solucións específicas, pensando en interoperabilidade, rapidez e velocidade do cambio ...